



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

---

Afonso Bieito Lorenzo Penela, secretario do concello de Vilasantar (A Coruña),

## **Certifico:**

Que na sesión ordinaria realizada pola xunta de goberno local deste concello o día dezaseis de setembro de dous mil nove, adoptouse entre outros, o seguinte acordo:

### **3.- Urbanismo**

**A/ Procedemento de tramitación de licenzas para as ampliacións de explotacións agropecuarias (incluídas na disposición adicional segunda do Decreto 133/2008) con licenza municipal ou recoñecemento da existencia, cando a modificación NON sexa substancial nos termos previstos no artigo 3 do decreto.**

A continuación dáse conta da disposición adicional segunda que no seu punto 1. establece que “As actividades agropecuarias desenvolvidas nas construcións e instalacións previstas na disposición transitoria undécima da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galiza, estarán suxeitas ao procedemento de avaliación de impacto ambiental só cando acometan unha modificación substancial da súa actividade nos termos previstos no artigo 3 deste decreto.

O concello de Vilasantar realizou sobre este particular unha consulta á Xefatura territorial da Consellería de medio ambiente, territorio e urbanismo, quen lle adxudicou o número de expediente CO/0077/2009, contestando en escrito con RE neste concello 1733 de 2009, indicando, entre outros aspectos, o seguinte:

“Se ditas ampliacións non teñen que pasar o procedemento de avaliación de impacto ambiental, será o propio concello quen estableza o procedemento para a concesión da preceptiva licenza municipal de actividade, esixindo o cumprimento da normativa ambiental e sectorial que en cada caso corresponda”.

Á vista do anterior, e previo informe técnico, a xunta de goberno local acorda establecer o seguinte procedemento para estes casos:

### ***Iniciación do procedemento***

- solicitude de licenza



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

---

## ***documentación a presentar coa solicitude***

- Proxecto técnico, redactado por técnico competente na materia, na que se reflicta o estado actual e o estado final da explotación
- Resolución sobre a solicitude de recoñecemento de edificacións destinadas a actividades agropecuarias, expedida pola Xunta de Galicia, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, ou copia da licenza de actividade.
- Xustificación da non realización de modificación substancial nos termos previstos no artigo 3 do decreto 133/2008.
- Memoria descritiva, redactada por técnico competente, dos aspectos básicos da actividade que se está a realizar e da proxectada, a súa localización e repercusión no medio ambiente, na que, cando menos, figure:
  - A descrición das instalacións, dos procesos e dos equipos principais
  - As materias primas utilizadas, o consumo de auga e recursos enerxéticos e produtos finais
  - Na que se describan detalladamente os tipos, cantidades e composicións dos residuos xerados, verquidos e emisións contaminantes, así coma a xestión prevista para eles
  - Os riscos da actividade e as medidas preventivas, correctoras e de autocontrol propostas
  - As técnicas de restauración do medio afectado e o programa de seguimento da área restaurada nos casos de desmantelamento das instalacións ou cesamento de actividade
  - Un estudo acústico que garanta que as instalacións proxectadas cumpran coa normativa vixente en materia de protección contra a contaminación acústica
  - Calquera outra información que resulte relevante para a avaliación da incidencia ambiental da actividade.
- Xustificación do cumprimento da lexislación ambiental e sectorial aplicábel á actividade, da normativa de seguridade, da relativa ás medidas de autoprotección e saúde.
- Declaración dos datos que a xuízo do solicitante gozan de confidencialidade amparada na normativa vixente. De non presentarse este documento entenderase que tódolos datos que figuren na documentación aportada son públicos.
- 

## **Tramitación polo concello**

- Toda vez que o Concello considere que a documentación presentada está completa, emitirase informe técnico sobre a compatibilidade da actividade cos instrumentos de planificación urbanística e as ordenanzas municipais. De resultar incompatible o Concello poderá resolver a denegación da licenza motivada por razóns de competencia municipal.
- O expediente será sometido polo Concello ó trámite de información pública por un período de vinte días mediante a exposición no taboleiro de anuncios do Concello. A apertura do trámite de información pública notificarase persoalmente ós veciños e titulares de dereitos inmediatos ao lugar da localización proposta, para os efectos de que podan alegar o que consideren oportuno.
- Os trámites de emisión do informe de compatibilidade da actividade cos instrumentos de planificación urbanística e ordenanzas municipais e o de información pública poderanse efectuar simultaneamente.



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

[www.vilasantar.com](http://www.vilasantar.com)

---

- As alegacións e/ou observacións que se presenten ao expediente, someteranse a informe do Concello segundo a natureza de cada actividade, podendo requirir, se fora preciso, calquera documentación ou aclaración ó solicitante da licenza.
- Unha vez emitidos os informes, se son negativos, o Concello dará audiencia ó interesado por prazo de dez días.
- O Concello adoptará acordo definitivo nos quince días seguintes.

## **Considerarase a obtención da licenza de ampliación da actividade como requisito previo e necesario para a obtención da licenza de obras.**

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente, de orde e co Vº e prace da sra. alcaldesa, e coa salvidade establecida no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vilasantar a nove de decembro de dous mil nove.

Vº e pr.

A alcaldesa

O secretario

Asdo. Manuela Garcia Freire

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela